

Problema874: Explica cales das afirmacións seguintes son verdadeiras:

- a) Os catións prata(I) son moi oxidantes.
- b) A prata é un metal oxidante.
- c) A prata oxídase facilmente.
- d) Os catións prata(I) oxídanse facilmente.

a) Os catións prata(I) son moi oxidantes. Verdadeiro

$\text{Ag}^+_{(\text{aq})} + \text{e}^- \rightarrow \text{Ag}_{(\text{s})}$ $E^\circ = +0,80\text{V}$ Ten un potencial de redución alto, así que oxidará a todos os metais con potenciais menores.

b) A prata é un metal oxidante. Falso

Para ser oxidante tería que reducirse, e esta non é unha cualidade dos metais.

c) A prata oxídase facilmente. Falso

O seu alto potencial de redución indica que só a oxidarán algunhas substancias con maior potencial que ela, como o O_2 no medio ácido. Oxídase pero non tan facilmente.

d) Os catións prata(I) oxídanse facilmente. Falso

A Ag^+ pódese reducir pero non oxidarse máis. O único número de oxidación que presenta é +1.